



RESOLUCIÓN DO 5 DE XUÑO DE 2020, DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE, POLA QUE SE DÁ PUBLICIDADE Á LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS E Á COMPOSICIÓN DA COMISIÓN TÉCNICA NA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN DUN POSTO DE XEFE/A DE GRUPO DE RECURSOS ECONÓMICOS DE CONTABILIDADE DO HOSPITAL VIRXE DA XUNQUEIRA, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DO 15 DE ABRIL DE 2019 (DOG Nº 86, DO 7 DE MAIO)

Por resolución do 15 de abril de 2019 da Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Cee (DOG nº 86, do 7 de maio), convocouse, para a súa provisión, polo sistema de concurso de méritos, un posto de Xefe/a de Grupo de Recursos Económicos de Contabilidade do Hospital Virxe da Xunqueira.

Publicada o día 12 de agosto de 2019 a relación provisional de admitidos/as e excluídos/as no devandito proceso e, unha vez rematado o prazo de presentación de reclamacións e/ou emendas, esta Xerencia, en virtude das competencias atribuídas polo Decreto 137/2019, do 10 de outubro (DOG nº 208, do 31 de outubro), polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, o Decreto 134/2019, do 10 de outubro (DOG nº 204, do 25 de outubro), polo que se regulan as Áreas Sanitarias e os Distritos Sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia, e a Orde do 22 de abril de 2020 (DOG nº 82, do 29 de abril), de delegación de competencias en órganos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e na Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde,

RESOLVE:

Primeiro.- Elevar a definitiva a relación provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as no presente proceso de provisión, segundo se recolle no Anexo I da presente Resolución.

Segundo.- Publicar, como Anexo II, a composición da Comisión Técnica, de conformidade co previsto na Base Sexta da Convocatoria.

DILIXENCIA:

Para facer constar que con esta mesma data procédese á publicación da presente resolución.

A Coruña, 5 de xuño de 2020
O DIRECTOR DE RR.HH.



A Coruña, 5 de xuño de 2020

O XERENTE

DA ÁREA SANITARIA DA CORUÑA E CEE
SERVIZO GALEGO de SAÚDE
Área Sanitaria da Coruña e Cee

XERENCIA

Asdo: Luis Verde Remeseiro





ANEXO I

LISTAXE DEFINITIVA DE ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS

| Solicitante | DNI | Estado |
|-------------------------------------|-----------|----------|
| Martínez Fernández, Silvia | ***1006** | Admitida |
| Martínez Mera, Josefa | ***3320** | Admitida |
| Rodríguez Villaverde, María Beatriz | ***8446** | Admitida |

(*) Ocúltase parcialmente o número do documento nacional de identidade para preservar os datos de carácter persoal



ANEXO II

COMPOSICIÓN DA COMISIÓN DE AVALIACIÓN

| | |
|------------|--|
| Presidente | Javier Fernández Nistal (Director de RR.HH.) |
| Vogais | Emilio Camino Fernández (Director de RR.EE.) |
| | Teresa Fariña Varela (Subdirectora de RR.EE.) |
| Secretaria | Graciela Alvarez Portela (Xefa de Servizo de RR.HH.) |

